



COMISIÓN NACIONAL DEL MERCADO DE VALORES

A los efectos de dar cumplimiento al artículo 227 de la Ley 6/2023, de 17 de marzo, de los Mercados de Valores y de los Servicios de Inversión, Banco de Sabadell, S.A. (Banco Sabadell), pone en conocimiento de la Comisión Nacional del Mercado de Valores la siguiente

OTRA INFORMACIÓN RELEVANTE

Se adjunta el dictamen de la Confederación Intersindical Galega-CIG sobre la oferta pública voluntaria de adquisición por Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. sobre la totalidad de las acciones de Banco Sabadell emitido con esta fecha y recibido con posterioridad a la aprobación por el Consejo de Administración de su informe sobre la oferta.

Gonzalo Baretino Coloma
Secretario General

Sabadell, 12 de septiembre de 2025



Ditame da Confederación Intersindical Galega-CIG sobre as repercusións para o emprego da OPA do BBVA sobre o Banco Sabadell.

Unha vez autorizada a OPA pola CNMV, desde a CIG, incidimos nas cuestións máis preocupantes desta operación desde a óptica laboral.

Entendemos que se o BBVA promoveu esta operación foi por unha cuestión de beneficio empresarial e, do mesmo xeito que no resto de operacións entre entidades financeiras, ao final, o pretendido beneficio empresarial conséguese en gran medida, cunha redución brutal de persoal.

Aínda que nun principio, polos condicionantes que estableceu o Goberno, estas dúas entidades teñan que manterse como entidades separadas durante tres anos como mínimo (revisables por outros dous máis como máximo) e deberán estar sometidas a unha supervisión e informe ao finalizar o prazo de tres anos, nada impide que, durante este tempo, cada unha delas, con vistas á máis que probable fusión que se producirá ineludiblemente, vaian recortando persoal.

Temos que lembrar que nos últimos anos o sistema financeiro do Estado español está a adquirir características de oligopolio e que os ERES no sector bancario provocaron que milleiros de persoas quedaran sen emprego. Mesmo foi así no caso destas dúas entidades que, no ano 2021, aínda tendo beneficios de dous díxitos (que se foron incrementando trimestre a trimestre desde entón) e non estando inmersas en ningún proceso de fusión, levaron a cabo ERES que afectaron a 2.899 persoas traballadoras no caso do BBVA e a 1.630 no do Banco Sabadell.

Ademais o propio BBVA interpuxo un recurso ante o Tribunal Supremo contra as condicións impostas polo Goberno e tamén a Comisión Europea decidiu incoar un procedemento contra o Estado español ao considerar que determinadas disposicións da lexislación española en materia bancaria e de competencia, que outorgan ao Goberno español poderes ilimitados para intervir en fusións e adquisicións de bancos, vulneran as competencias exclusivas do Banco Central Europeo e dos supervisores nacionais conforme a normativa bancaria da UE. Pode suceder que as condicións impostas polo Consello de Ministros e Ministras sexan anuladas, ben polo TS ou ben a resultados do procedemento instado pola Comisión Europea.

Por tanto, desde o noso sindicato, a perda de postos de traballo en Galicia, de consumarse a OPA, é nosa maior preocupación. Ao peche do primeiro trimestre de 2025 había aproximadamente 789 persoas traballadoras de BBVA e unhas 375 en Banco Sabadell en Galicia. Estimamos que unha fusión ao uso, poñería en perigo practicamente a totalidade dos postos de traballo equivalentes ao persoal do Banco Sabadell en Galicia.

A finalidade perseguida coa Oferta é a toma de control de Banco Sabadell por parte de BBVA a efectos da súa integración no Grupo BBVA e posteriormente, promover a fusión de ambas as entidades. Somos conscientes, por experiencias anteriores, de que, se se leva a cabo unha fusión de entidades, o persoal da entidade adquirida é o máis prexudicado pola destrución de emprego. Neste caso, será BBVA quen tomará as decisións respecto do emprego ao ser a entidade absorbente.

Nestes anos, desde os ERES de 2021, o persoal de ambas as entidades estivo sometido a unha presión comercial sen límite, así como a unha sobrecarga excesiva de traballo pola redución de emprego padecida.

Non pode admitirse que os futuros beneficios se obteñan en base a máis destrución de postos de traballo, e previsiblemente, nunhas condicións moito peores que as dos últimos anos.

- Entendemos que a única alternativa para as saídas de traballadores e traballadoras, xustificadas por duplicidades en determinadas localidades, deberían executarse mediante o ofrecemento de prexubilacións.
- Se tivesen que producirse movementos de mobilidade funcional ou xeográfica, terían que ser moi limitados e de forma totalmente voluntaria.
- Non poden darse procesos de exteriorización a outras empresas de traballos bancarios que son desenvolvidos actualmente polo persoal de ambas as entidades.
- Debe limitarse a presión comercial que está provocando no persoal dos bancos un altísimo grao de estrés que repercute negativamente na súa saúde, sendo vítimas dun gran número de baixas por saúde mental, e establecer avaliacións continuas de riscos psicosociais, con periodicidade frecuente durante o desenvolvemento de todo o proceso actual e posterior.

Por último, a nosa preocupación vai máis aló do mantemento de todos e cada un dos postos de traballo, que consideramos fundamentais. Estamos a falar dun territorio, Galiza, que, debido ás súas características xeográficas e á dispersión dos seus municipios e localidades, xa está a sufrir un detrimento en atención á clientela, que, no caso de peches de oficinas, se vería incrementado e provocaría máis exclusión financeira, a pesar de todo o proceso de dixitalización forzada ao que foron sometidos os clientes e clientas das dúas entidades.

Galiza, 12 de setembro de 2025



Dictamen de la Confederación Intersindical Galega-CIG sobre las repercusiones para el empleo de la OPA del BBVA sobre el Banco Sabadell.

Una vez autorizada la OPA por la CNMV, desde la CIG, incidimos en las cuestiones más preocupantes de esta operación desde la óptica laboral.

Entendemos que si el BBVA promovió esta operación fue por una cuestión de beneficio empresarial y, al igual que en el resto de operaciones entre entidades financieras, al final, el pretendido beneficio empresarial se consigue en gran medida, con una reducción brutal de personal.

Aunque en un principio, por los condicionantes que estableció el Gobierno, estas dos entidades tengan que mantenerse como entidades separadas durante tres años como mínimo (revisables por otros dos más como máximo), y deberán estar sometidas a una supervisión e informe al finalizar el plazo de tres años, nada impide que, durante este tiempo, cada una de ellas, con vistas a la más que probable fusión que se producirá ineludiblemente, vayan recortando personal.

Tenemos que recordar que en los últimos años el sistema financiero del Estado español está adquiriendo características de oligopolio, y que los ERES en el sector bancario han provocado que miles de personas se hayan quedado sin empleo. Incluso ha sido así en el caso de estas dos entidades que, en el año 2021, aun teniendo beneficios de dos dígitos (que se han ido incrementando trimestre a trimestre desde entonces) y no estando inmersas en ningún proceso de fusión, han llevado a cabo ERES que afectaron a 2.899 personas trabajadoras en el caso del BBVA y a 1.630 en el del Banco Sabadell.

Además el propio BBVA ha interpuesto un recurso ante el Tribunal Supremo contra las condiciones impuestas por el Gobierno y también la Comisión Europea ha decidido incoar un procedimiento contra el Estado español al considerar que determinadas disposiciones de la legislación española en materia bancaria y de competencia, que otorgan al Gobierno español poderes ilimitados para intervenir en fusiones y adquisiciones de bancos, vulneran las competencias exclusivas del Banco Central Europeo y de los supervisores nacionales con arreglo a la normativa bancaria de la UE. Puede suceder que las condiciones impuestas por el Consejo de Ministros y Ministras sean anuladas, bien por el TS o bien a resultas del procedimiento instado por la Comisión Europea.

Por lo tanto, desde nuestro sindicato, la pérdida de puestos de trabajo en Galicia, de consumarse la OPA, es nuestra mayor preocupación. Al cierre del primer trimestre de 2025 había aproximadamente 789 personas trabajadoras de BBVA y unas 375 en Banco Sabadell en Galicia. Estimamos que una fusión al uso, pondría en peligro prácticamente la totalidad de los puestos de trabajo equivalentes a la plantilla del Banco Sabadell en Galicia.

La finalidad perseguida con la Oferta es la toma de control de Banco Sabadell por parte de BBVA a efectos de su integración en el Grupo BBVA y posteriormente, promover la fusión de ambas entidades. Somos conscientes, por experiencias anteriores, de que, si se lleva a cabo una fusión de entidades, el personal de la entidad adquirida es el más perjudicado por la destrucción de empleo. En este caso, será BBVA quien tomará las decisiones respecto del empleo al ser la entidad absorbente.

En estos años, desde los ERES de 2021, el personal de ambas entidades ha estado sometido a una presión comercial sin límite, así como a una sobrecarga excesiva de trabajo por la reducción de empleo padecida.

No puede admitirse que los futuros beneficios se obtengan en base a más destrucción de puestos de trabajo, y previsiblemente, en unas condiciones mucho peores que las de los últimos años.

- Entendemos que la única alternativa para las salidas de trabajadores y trabajadoras, justificadas por duplicidades en determinadas localidades, deberían ejecutarse mediante el ofrecimiento de prejubilaciones.
- Si tuviesen que producirse movimientos de movilidad funcional o geográfica, tendrían que ser muy limitados y de forma totalmente voluntaria.
- No pueden darse procesos de externalización a otras empresas de trabajos bancarios que son desarrollados actualmente por el personal de ambas entidades.
- Debe limitarse la presión comercial que está provocando en el personal de los bancos un altísimo grado de estrés que repercute negativamente en su salud, siendo víctimas de un gran número de bajas por salud mental, y establecer evaluaciones continuas de riesgos psicosociales, con periodicidad frecuente durante el desarrollo de todo el proceso actual y posterior.

Por último, nuestra preocupación va más allá del mantenimiento de todos y cada uno de los puestos de trabajo, que consideramos fundamentales. Estamos hablando de un territorio, Galicia, que, debido a sus características geográficas y a la dispersión de sus municipios y localidades, ya está sufriendo un detrimento en atención a la clientela, que, en el caso de cierres de oficinas, se vería incrementado y provocaría más exclusión financiera, a pesar de todo el proceso de digitalización forzada al que han sido sometidos los clientes y clientas de las dos entidades.

Galiza, 12 de septiembre de 2025